

## A Tropa de Trapo: 'Catro monos'

**PROTAGONISTAS** A Tropa de Trapo está formada por Marta Ortiz e Brais das Hortas, dous ensinantes de vocación que en 2006 xuntaron as súas inquedanzas pola narración oral neste proxecto, co que levan percorrido toda Galicia.

**OBXECTIVOS**

- Educar en valores como a igualdade, o respecto e a liberdade.
- Promover o debate e a reflexión crítica na xente nova.
- Sensibilizar sobre a cooperación e a solidariedade internacional.

**DESCRICIÓN** O espectáculo combina a narración oral, a música ao vivo e o teatro de obxectos para falar de como nos relacionamos entre nós e co medio, para pensar, para rir, para cantar e para soñar con outro mundo posible. A proposta dálle a volta aos emoticonos dos monos que non escoitan, non ven e non falan para que fagan todo o contrario en catro historias, que nos levan a convivir coas mulleres dunha aldea, con habitantes do Sáhara, etc. Todo cunha innovadora e atraente posta en escena, onde forma e contido se complementan para reforzar a mensaxe.

**PÚBLICO** Infantil e familiar.

**DURACIÓN** Tempo de montaxe : 150 minutos.  
Espectáculo: 60 minutos.  
Tempo de desmontaxe : 90 minutos.

**RECURSOS** Espazo con 5m de fronte e 3m de fondo.  
Toma de corrente para equipo de son.  
Praza reservada para unha furgoneta (descarga e estacionamento).

**PERÍODO** De abril a decembro.

**MATERIAIS  
ADICIONAIS**

- Modelo de cartel
- Modelo de nota de prensa
- Fotografías promocionais
- [Vídeo](#) promocional
- [Dossier](#) do espectáculo